

BANDO INFORMATIVO

ÁBRESE O PRAZO DE SOLICITUDE PARA A PRESTACION ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLOS E FILLAS MENORES DE TRES ANOS

ORDE do 18 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2020 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS410A).

CONTIDO:

Consiste na prestación de unha axuda de pagamento único e directo destinada a paliar os gastos dos primeiros anos de crianza dun fillo ou dunha filla.

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos nados entre o 1.1.2017 e o 31.12.2017, ambos os dous días incluídos, e que, durante o ano 2018, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso.
- Serán igualmente beneficiarias polas fillas ou fillos adoptados ou acollidos mediante resolución, xudicial ou administrativa, ditada entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.
- Nos supostos de que exista unha resolución xudicial que atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras, a persoa beneficiaria será aquela que teña a custodia das fillas ou fillos, de acordo co establecido na dita resolución.

REQUISITOS

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia. No caso de que non quede acreditada a dita circunstancia pola presentación do xustificante de empadramento, poderáselles requirir para que presenten documentación complementaria que o demostre.
- Que na data da solicitude os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante.

CUANTIA DA AXUDA

Pagamento único de:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
- Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

• **Por vía escrita :** No Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oroso .Teléfono CITA PREVIA: 981 688 950

• **Por vía telemática:** <https://sede.xunta.es>

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Ata o 10 de marzo de 2020

O que se fai público para xeral coñecemento en Oroso a 23 de xaneiro de 2020

O ALCALDE,
Asdo.: Manuel Mirás Franqueira

